

Le esta entrevista á actriz Paula Vives.

Paula ten vinte e catro anos e xa hai sete que corre por escenarios e estudos. Participou en series de TV e agora está no teatro cun musica dos anos noventa.

Isto de ser actriz vénche de pequena?

—Si, vénme de familia! O meu pai é músico e do mundo do espectáculo. Desde pequena fun moito ao teatro e vivín o ambiente. [...]

E xa facías teatro, entón?

—Ao trece anos apunteime a teatro *amateur* e pasábao moi ben, pero despois deixei o teatro un pouco de lado; quixen ser escritora, deseñadora de moda... todo moi artístico! Ata que me chamaron para facer o casting para *O corazón da cidade*. Tiña dezasete anos.

E como foi todo iso?

—Foi estraño, veume un pouco antes o traballo que a conciencia do que quería facer de grande, do que me faría inmensamente feliz. Durante estes anos na televisión descubrino e aprendín moitísimo. Cando me preguntan onde estudei, sempre digo «no *corazón da cidade*»!

Facer televisión non é coma facer teatro...

—Non, é moi diferente! Na televisión tes que aprender os guións rápido (e ben!) e, sen ensaiar nin nada, chegas alá, pasas á escena co rexedor e o resto de actores e ala!, xa vas ao estudio. Tes que aprender a resolver as escenas soa. E está claro, os primeiros anos, desde a inexperiencia, aprendes a traballar por intuición.[...]

E facer teatro, como é?

—É un traballo máis de fondo, de insistir e de ensaiar. E de representar cada día o mesmo e atopar a maxia. Porque cada día fas o mesmo, pero sempre é diferente: cambia o estado dos teus compañeiros, o teu, o do público...

Notas o público?

—E tanto! Moitísimo! Tanto para ben coma para mal: o público pódete desanimar se notas que non responde ou, ao contrario, pódete animar si as notas receptivo e ti estás pouco inspirado! (*Ri.*)

Marca a opción correcta das preguntas seguintes.

— A quen vai dirixida a entrevista?

Aos lectores

Paula Vives

Á xente que lle gusta o cine

— Quixo ser actriz desde sempre?

Dende os trece anos

Si, dende sempre

Fai poucos anos

— Por que empezou a dedicarse profesionalmente a ser actriz?

Empezou con trece anos no teatro *amateur* e gustoulle.

Porque seu pai era músico.

Chamárona para un casting e así comezou.

— Que diferenzas atopa entre facer tele e facer teatro?

O teatro gústalle máis porque está en contacto co público.

A tele é máis real e moito máis divertida.

Na televisión todo vai moi rápido, no teatro hai que ensaiar moito e cada día ten que poñerse diante do público estea como estea.

— Que opina do público?

O público é importante, pode animar ou desanimar no momento.

Moitas veces estás cansa do público pola insistencia de sacar fotos.

É moi importante, xa que trae agasallos e ámate.

— En que obra está a participar agora?

O corazón da cidade

Nun musical dos anos 90.

Nun espectáculo de maxia.

